



RESOLUCIÓN DA VICERREITORÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE POLA QUE SE ADXUDICAN AS AXUDAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS 2025/26 PARA ESTUDANTES CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS ASOCIADAS Á DISCAPACIDADE

Vista a Resolución Reitoral do 09 de xuño de 2026 pola que se convocan bolsas para o estudiantado con necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade no curso 2025/26 (Taboleiro Electrónico Oficial da UDC do 10 de xuño de 2026), e logo do proceso de revisión da documentación e das xustificacións presentadas polas persoas solicitantes conforme ao artigo 12 da convocatoria, esta Vicerreitoría.

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar as axudas segundo se detalla a continuación:

NIF	Importe solicitado	Importe adxudicado
***1712**	960,00 €	880,00 €

O importe adxudicado correspóndese cos gastos xustificados que cumpren os requisitos establecidos na convocatoria. Non se considera subvencionable un gasto por importe de 80,00 €, por corresponder a un gasto realizado fóra do período establecido no artigo 11.2 da convocatoria, que comprende do 1 de setembro de 2025 ao 20 de xuño de 2026.

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. De maneira opcional, poderá interpoñerse recurso de reposición ante a reitora ou reitor no prazo de un mes, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos contarán desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Asinado dixitalmente

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Igualdade e Diversidade